

G2002141  
XORNADA  
DO DÍA  
DE LETRAS  
XELA ARIAS


A Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL) e o Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI) están organizando as Xornadas das Letras Galegas 2021 que se desenvolverán o 22 e 29 de abril e 5 e 13 de maio. Durante estes días, en horario de tarde, poderemos asistir virtualmente (por webex) a exposicións teóricas e relatorios de experiencias didácticas sobre a traxectoria vital e literaria de Xela Arias. Se queredes consultar o programa (<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/33627>) e inscribivros, debes facelo a través de fprofe: <https://www.edu.xunta.es/fprofe/>

XUNTA DE GALICIA  
Xacobeo 2021 Galicia  
CAFI

Alén desta actividade formativa, tamén vos poden interesar estoutras iniciativas:

- XII Certame de Cinema Ouff Escola, concurso convocado pola Concellería de Cultura do Concello de Ourense, en colaboración coa SXPL, co obxectivo de potenciar a creatividade audiovisual en galego. Poden presentarse todos os centros públicos, concertados e privados, tanto de Galicia como do exterior, que impartan a materia de Lingua Galega. A inscrición debe formalizarse antes do 5 de xullo. Bases: [https://www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/convocatorias?content=/Portal-Lingua/Contido/convocatoria/Premios/convocatoria\\_0128.html](https://www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/convocatorias?content=/Portal-Lingua/Contido/convocatoria/Premios/convocatoria_0128.html)

- IV Certame de Humor Gráfico "Diego Peña Carro", singular proposta do CPR Plurilingüe Escravas da Coruña dirixida a estudantes de 5º de EP a 4º da ESO de toda Galicia co fin de incentivar a banda deseñada en galego. As viñetas poden remitirse en papel ou en formato dixital entre o 10 e o 14 de maio. Tedes as bases en: [https://acoruna.esclavasscj.com/sites/default/files/page/iv\\_concurso\\_diego\\_pena\\_carro.pdf](https://acoruna.esclavasscj.com/sites/default/files/page/iv_concurso_diego_pena_carro.pdf)



- II Premio de Oratoria "Filomena Dato", concurso promovido pola Asociación Lisístrata para fomentar a expresión literaria e o discurso feminista en galego no que pode participar alumnado de todos os niveis educativos (EP, ESO, FP, BACH). O prazo para inscribirse remata o 1 de xullo. Atoparedes máis información en: [https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/xornadas-encontros-cursos-e-outras-iniciativas-de-promocion/\\_contido\\_0021/premio-oratoria-filomena-dato](https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/xornadas-encontros-cursos-e-outras-iniciativas-de-promocion/_contido_0021/premio-oratoria-filomena-dato)